

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO SEGUNDA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Ribadavia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **30 de xuño de 2017 ata o 19 de decembro de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo terceira edición da MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrará nesta poboación ourensá entre os días 15 ao 24 de xullo de 2017 desenvolvendo un amplo programa de representacións no que conviven os grandes mestres da escena mundial (Suzanne Andrade ou Eimuntas Nekrosius) e a puxante tendencia de hibridación de xéneros escénicos, con apartados especiais como o dedicado á creación contemporánea a partir da obra de Shakespeare, os de danza, circo e artes de rúa, ou a función especial de clausura coa posta en escena de Valle-Inclán en galego a cargo da compañía PT Excéntricas. Un amplo programa, pois, de espectáculos procedentes de Reino Unido, Grecia, Alemaña, Francia, Portugal ou Lituania que convivirá coas estreas, coproducións e funcións especiais galegas e coa presentación doutras creacións do resto do Estado.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ribadavia vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendelo como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder deste xeito a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirande parte dos casos consideradas estreas absolutas en Galicia. Consolídase, así, este evento como un importante foco de






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2017 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso e dimensión popular e educativa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

